



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Con data 30 de marzo de 2017, reúnese a Mesa de Contratación da licitación das obras de **“Acondicionamento e ampliación de edificación para uso de comedor escolar Colexio Nº 2 de Tui”**, en sesión non pública para a apertura do sobre nº 1 correspondente á documentación administrativa.

Procedida a apertura do sobre nº 1 e unha vez examinada a documentación presentada polos licitadores, a Mesa de Contratación acordou efectuar requirimento de subsanación de documentación ás seguintes empresas: Servicios Integrales de Gestión e Mantenimiento S.A. (MANTOTAL) e Construcciónes Abal.

Transcorrido o prazo de subsanación concedido e unha vez recibida documentación dos devanditos licitadores, co fin de continuar coa tramitación do expediente, e de conformidade coas facultades que me confire a lexislación vixente e ó abeiro do prego de cláusulas administrativas aprobado con data 02/02/2017, para a contratación, por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, obras de "Acondicionamento e ampliación de edificación para uso de comedor escolar Colexio nº 2 de Tui", **RESOLVO:**

PRIMEIRO.-Convocar á Mesa de Contratación para o día **día 10 de abril de 2017, ás nove horas, en sesión non pública** co obxecto de valorar a documentación xustificativa achegada polas empresas que foron requiridas para subsanación, e no seu caso, acordar as empresas admitidas á licitación.

SEGUNDO.-De estar conforme a documentación presentada, o mesmo día **10 de abril de 2017**, se procederá en sesión pública, **ás nove horas e trinta minutos**, á apertura do sobre nº 2 de criterios cuantificables de forma automática, no Salón de Sesións deste Concello.

TERCEIRO.-Nomear á funcionaria deste Concello a D^a. María Jesús Blanco Martínez, Secretaria da Mesa en substitución de D. José Ángel Fernández Rodríguez que pasa a exercer como vogal por delegación da Secretaria do Concello.

CUARTO.-Facer pública a presente convocatoria mediante a súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e no perfil do contratante.

QUINTO.- Dar traslado da presente Resolución de Alcaldía aos membros da Mesa de Contratación designados, ós Departamentos de Secretaría e Intervención e ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre."

En Tui, a 6 de abril de 2017
O ALCALDE

Asdo.: Enrique Cabaleiro González

Ante mín.
A Secretaria

